

Máis de 60 empresas galegas e portuguesas adhírense ao proxecto Red Xenera para a redución de residuos

- O programa conta xa con 71 R-agents ou expertos en residuos, cuxa misión será propor plans de acción ás empresas para a prevención, redución e valorización de residuos.

Vigo, 15/04/2010. Un total de 62 empresas -53 galegas e 9 do norte de Portugal- adhírense xa ao proxecto transfronteirizo Red Xenera, cuxo obxectivo é contribuír á redución de residuos, ademáis de buscar fórmulas innovadoras para a súa reutilización, rexeneración ou reciclaxe. Nesta tarefa as empresas participantes contarán coa axuda especializada dos denominados R-agents (expertos en materia de residuos) e para cuxa función xa foron seleccionadas 71 persoas.

Estos son algúns dos datos presentados esta mañá no Viveiro de Empresas da Cámara de Comercio de Ourense, no transcurso da reunión que mantiveron os oito socios do proxecto Red Xenera, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. Unha iniciativa liderada polo Consello Galego de Cámaras e na que tamén participan as Cámaras de Vigo, Pontevedra, Tui e Ourense, Sogama, o Centro de Valorización de Residuos de Braga, a Asociación de Industrias do Minho e o Instituto de Desenvolvemento e Inovação Tecnológica do Minho (IDITE).

Os asistentes ao encontro, no que tamén participou a consultora Econet como responsable da secretaría técnica, analizaron a resposta encontrada entre os empresarios galegos e portugueses a esta convocatoria. Ata o 30 de xuño, data na que finaliza o prazo de inscrición, o proxecto pretende reunir a 100 empresas de Galicia e do norte de Portugal, das cales o 70% serán galegas e o resto lusas.

Por agora son xa 53 as firmas de Galicia que se inscribiron, co cal cúmplese un dos obxectivos marcados nesta fase e que supuña alcanzar o 50% do número de empresas correspondentes á comunidade galega. Na mesma liña e proporción encóntranse os obxectivos fixados para a representación portuguesa.

Sectores industriais clave

As empresas inscritas pertencen a catro sectores industriais clave: metal-mecánica, construción (pedra, madeira, moble, cerámica), industria alimentaria e textil. Todas elas terán a oportunidade de realizar unha auditoría de produción dos seus residuos, o cal facilitará a introducción de cambios na súa actividade para reducilos, diminuír os costes da súa xestión ou darlles valor mediante a súa reutilización. Desta labor de diagnóstico encargaranse os R-agents ou expertos en residuos. A falta de máis dun mes para que finalice o proceso de inscrición (o 31 de maio) son xa 71 as persoas seleccionadas, na súa meirande parte pertencentes a microempresas especializadas en materia de medio ambiente.

Na orde do día da reunión tamén figuraban referencias ao programa de formación que se deseñará no marco do proxecto. Trátase de abordar temas de interese e actualidade na materia como lexislación sobre residuos, valorización enerxética dos mesmos, xestión dos mercados de segunda man e utilización dos sistemas Integraís de Xestión de Residuos. De cada un destes asuntos impartiránse catro cursos.

Servizos on-line

Por último, os asistentes foron informados dos servizos on-line que se están deseñando e que estarán ao servizo das empresas beneficiarias co fin de axudalas a xestionar toda a información sobre produción de desfeitos e as obrigacións de rexistros como pequeno ou gran produtor de residuos. Neste contexto inscríbese a plataforma de servizos avanzados (www.redgenera.org) onde se poderá atopar información especializada do sector con guías de boas prácticas, novos procesos de xestión e tecnoloxías, formación específica, intercambio de experiencias e de proxectos que permita ás empresas a búsqueda de socios.

O proxecto Red Xenera seguirá cubrindo nos próximos meses as fases establecidas co obxectivo último de potenciar a prevención e redución de residuos, fomentando a reutilización de materiais para outros procesos, ou o reciclaxe e a valorización de devanditos residuos.

Esta estratexia permitirá tamén aproveitar as oportunidades para xerar un amplo mercado en torno ao tratamento e valorización dos residuos, identificando novos modelos de negocio e captando inversores que axuden a cubrir a demanda das empresas da Eurorrexión á hora de xestionar os seus

residuos, é decir, crear un sector de reciclaxe competitivo que xere novas empresas e emprego.